


## *Polymastia penicillus* (Montagu, 1814)



### Clasificación

**Reino** Animalia

**Filum** Porifera

**Clase** Demospongiae

**Subclase** Heteroscleromorpha

**Orde** Polymastiida

**Familia** Polymastiidae

### Descrición

O corpo desta esponxa semiesférica, que pode chegar a alcanzar os 20 centímetros de diámetro cun grosor de 1 centímetro, é de cor entra laranxa e amarela, mentres que as papilas que sobresaen del, elevándose sobre o sedimento que recobre o corpo da esponxa, teñen unha cor entre amarela e ocre clara, que son máis translúcidas canto máis nos achegamos ao seu ápice. O número de papilas e a súa lonxitude varía coa idade, condición e situación da esponxa, pero pódense diferenciar facilmente as inhalantes das exhalantes; mentres as primeiras son finas e están presentes en maior cantidade, as segundas son máis longas e grosas, son menores en número e os seus extremos permanecen abertos.



### Hábitat e Bioloxía

Desde os 5 ata os 2000 metros de profundidade, fixa en pedras baixas, na interfase pedra sedimento e semienterrada no sedimento que recobre o seu corpo e deixa soamente as papilas sobresaír deste. Medra sobre fondos rochosos ou sobre rochas que estean parcialmente tapadas polo sedimento.

### Especies semellantes


***Polymastia agglutinans* Ridley & Dendy, 1886**, de menor tamaño, a súa base, de apenas 1 centímetro de grosor, aglutina anacos de cuncha e grans de area, as súas papilas son relativamente longas, delgadas e a cor da base é beixe sucia e a das papilas abrancazada ou alaranxada translúcida.

***Polymastia conigera* Bowerbank, 1874**, forma grandes revestimientos, cunha base que, con apenas 1 centímetro de grosor, é moi hispida e pilosa, as súas papilas, cónicas ou cilíndricas, son grosas, numerosas, pouco altas e só algunhas presentan un ósculo apical e a cor da súa base é beixe escura e a das papilas amarela cremosa opaca.

***Polymastia ubérrima* (Schmidt, 1870)**, alcanza un menor tamaño, é de forma case esférica, sobre a súa parte superior presenta unhas poucas grosas e pequenas papilas, todas osculiformes e a súa cor é amarela, tanto nas papilas como na base.

### Distribución

Océano Ártico, costas atlánticas europeas, norteamericanas e o Mediterráneo.



### Curiosidades

O nome da especie, *penicillus*, é un termo latino que significa 'cepillo', en clara referencia á aparencia das esponxa coas súas longas papilas.